

Autor e ilustrador: **TOMI UNGERER**

Traducción: **DOLORES ROMAY**

Encadernado en cartón. 20x28 cm.
48 páxinas. Ilustracións a todo color.

Dispoñible en:

- Galego: "Os tres bandidos"
Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-620-4
- Castelán: "Los tres bandidos"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-56-7
- Catalán: "Els tres bandits"
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-551-1
- Euskera: "Hiru Bidelapurrak"
Amets egiteko Liburuak. ISBN 978-84-8464-621-1
- Portugués: "Os tres bandidos"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-67-5

Prezo: 15 €

OS TRES BANDIDOS

Había unha vez tres feroces bandidos de capa negra e chapeus negros. O primeiro tiña un trabuco. O segundo tiña un fol cheo de pementa. O terceiro, unha enorme machada vermella. Pola noite, cando escurecía, poñíanse a espreitar á beira do camiño.



KALANDRAKA recuperou "Os tres bandidos" en galego, cunha edición fiel á orixinal. "Os tres bandidos" é un clásico contemporáneo da literatura infantil mundial, que foi traducido a máis de 30 linguas. Dende a súa primeira edición -publicada en Alemaña nos anos sesenta- ata os nosos días, moitas xeracións de nenos creceron coa historia destes peculiares personaxes, excelentemente caracterizados cos seus peculiares atuendos y cun atípico instrumental para cometer falcatuadas.

O relato destaca polo seu carácter descritivo, pola orde narrativa coa que transcorren as accións, pola sinxeleza coa que Tomi Ungerer guía o lector páxina a páxina. Á comprensión da historia axudan en gran medida as ilustracións: o contraste cromático, a expresividade en cada escea e o aspecto enigmático que caracteriza aos bandidos son os elementos máis salientables.

Este libro transmítenos emocións que van dende o medo á tenrura. Os bandidos deste conto non coñecen outro mundo que non sexa o de roubar e amedrentar á xente. A irrupción nas súas vidas dunha nena orfa cambiaralles o rumbo, ao comprender que coas riquezas que acumularan podían axudar a outros nenos necesitados.

TOMI UNGERER (Estrasburgo, Francia. 1931)

A morte do seu pai, cando el tiña catro anos, marcou a súa nenez. Outro feito que o condicionou foi a ocupación nazi en Alsacia na II Guerra Mundial, o que supuxo que tivera que seguir unha educación en lingua alemana.

Os seus primeiros debuxos, cheos de frescura, xiraban en torno ao ambiente bélico, amosando un profundo rexeitamento á guerra e o fascismo. En 1956 decidiu emigrar a Nova Iorque, onde comezou a escribir libros para nenos. O primeiro, "Os Melops lánzanse a voar" (1957), marcou o inicio dunha exitosa traxectoria publicando debuxos e 'cartoons' en publicacións tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune.

Ungerer publicou "Os tres bandidos" en 1961. No cumio da súa carreira, o artista reaccionou contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana con obras como "The Party" (1996), "Fornicon" (1970) y "America" (1974). Posteriormente mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos anos 70 trasladouse coa súa familia a Irlanda.

A súa produción editorial, que abarca 40 anos de creación artística, calcúlase entre 30.000 e 40.000 debuxos dos máis variados estilos e máis de 120 libros. Recibiu distincións tan importantes como a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como ilustrador, desenvolveu unha nova faceta como filántropo, volcado en causas humanitarias como a protección da infancia ou a atención ás persoas enfermas.

- **Temática:** medo, xenerosidade
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura contemporánea universal
- **Aplicacións:** xogos coas formas dos sombreiros, a fronteira entre o bo e o malo, introdución a conceptos como a adopción